

Departamento de Ciencias Sociais, Geografia e Historia.

Contidos mínimos e criterios de avaliación

CONTIDOS MÍNIMOS 1º ESO

- Distinguir os principais compoñentes do Universo.
- Describir os movementos da terra e as súas consecuencias.
- Interpretar mapas según a lenda.
- Manexar axeitadamente o atlas
- Diferenciar os continentes dos océanos.Relacións.
- Distinguir as principais formas de relevo costeiro e marítimo. O clima: elementos e factores. Zonas climáticas e a distribución.
- Diferenciar os distintos medios naturais da terra polo clima,vexeta...
- Localización das formas de relevo máis destacadas dos continentes.
- Localización dos principais ríos e lagos do mundo.
- Coñecer os rasgos físicos (relevo,ríos, climas..) de España e Galicia.
- Os problemas medioambientais máis graves da terra. Valorar riscos.
- Utilizar fontes históricas para obter datos.Análise dos resultados.
- Describir aspectos significativos da vida na Prehistoria. A Evolución
- Ordenar e representar graficamente aspectos significativos da vida dos homes ao longo das diferentes épocas: sociedades prehistóricas,primeiras sociedades urbanas, a mundo clásico. Evolución.
- Comprender a importancia da fragmentación do mundo antigo e as súas repercusións .
- Identificar e situar cronolóxicamente as sociedades que se desenvolveron ata o inicio da Idade Media, atendendo especialmente aos aspectos referentes á Península Ibérica e a Galicia en particular.

CONTIDOS MÍNIMOS 2º ESO

- Coñecer o vocabulario básico específico da área.
- Saber definir e identificar en fotografías elementos básicos da arte das épocas a estudio.
- Entender e saber sacar información de textos básicos.
- Manexar e saber utilizar mapas históricos e xeográficos e as súas lendas.
- Saber facer eixos cronolóxicos sinxelos.
- Elaborar esquemas e mapas conceptuais sinxelos para ordenar a información xeográfica e histórica.
- Clasificar os distintos tipos de cidades existentes segundo os sistemas de produción e as actividades económicas que se practican nelas.
- Identificar o sistema urbano das cidades do mundo, España e Galicia.
- Identificar a distribución da poboación no planeta, España e Galicia, entender o concepto de densidade de poboación e especificar os factores que condicionan.
- Explicar as consecuencias do progresivo avellentamento da poboación mundial.
- Coñecer as distintas fases da evolución da poboación mundial e os diferentes modelos demográficos.
- Coñecer e saber utilizar o vocabulario específico de demografía: índices de natalidade e fecundidade, taxa de mortalidade, crecemento vexetativo, esperanza de vida, pirámides de idade, etc.
- Comprender as causas dos movementos migratorios a súa forma e mais a súa duración.
- Identificar os fluxos migratorios básicos na actualidade
- Analizar a evolución dos movementos migratorios en España e Galicia.
- Definir a poboación activa e establecer a súa distribución por sectores económicos no planeta e España.
- Comprender os diversos indicadores do desenvolvemento económico e social.
- Recoñecer a importancia da evolución dos medios de transporte e as novas tecnoloxías da información e a comunicación na mundialización da economía.
- Coñecer as orixes do Islam, identificar os seus preceptos básicos e analizar as diferentes fases da súa expansión tras a morte de Mahoma.
- Coñecer as distintas etapas da historia de Al-Andalus e o seu sistema político e a organización estatal.
- Coñecer as distintas comunidades que conviviron na Península: xudeus, mozárabes, mudéxares etc.

- Coñecer as innovacións técnicas que os árabes introduciron na Península.
- Recoñecer os edificios e monumentos máis emblemáticos de Al-Andalus.
- Explicar os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval.
- Entender os pactos de fidelidade e vasalaxe.
- Describir distintos edificios da feudalismo: o castelo, o mosteiro, as vivendas dos campesiños, etc.
- Explicar os trazos distintivos da arte románica.
- Coñecer as orixes da cidade medieval, recoñecer as actividades económicas que se desenvolvían no seu interior: os gremios.
- Coñecer as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban a cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.
- Coñecer as causas da crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
- Describir a forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península a partir do século XII.
- Comprender os principios do Humanismo e o Renacemento.
- Explicar dun xeito sinxelo a Reforma luterana e a Contrarreforma católica.
- Recoñecer as bases ideolóxicas das monarquías nacionais.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CURSO

Como no resto da E.S.O., a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas no Cuarto Curso de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia é continua e integradora. Levaráse a cabo tendo en conta os obxectivos educativos expostos, así como criterios de avaliación que indicaremos posteriormente. Será, pois, un recurso máis do proceso de ensino-aprendizaxe. Coa avaliación identificaránse logros, dificultades e erros para incidir inmediatamente sobre eles.

Criterios de avaliación.

Establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que as alumnas e os alumnos teñan acadado en relación ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. Son resultado do consenso acadado por todo o profesorado do Departamento, co que se establece unha liña avaliativa común para toda a Área. En todo momento, estaremos asesorados polo Departamento de Orientación do Centro, sobre todo no caso de alumnas e alumnos con necesidades educativas específicas.

Cómpre salientar que ademais do dominio e da mestría no uso dos diferentes

contidos conceptuais, a profesora fará especial fincapé no **seguimento do traballo diario** do alumnado e na valoración dos avances tanto procedimentais coma actitudinais que observe. Recolleranse **anotacións** sobre estes conceptos no caderno da profesora a fin de ter o máximo de datos posible acerca da evolución do proceso de ensino-aprendizaxe desenvolvido na aula. Estes datos servirán para facer as **modificacións necesarias no seguimento da programación**.

Criterios de cualificación:

A nota final do trimestre será obtida en función das seguintes porcentaxes:

Contidos actitudinais:	Seguimento do traballo:	Nota de probas:
20%	20%	60 %

No seguimento do traballo diario a nota principal será a do **caderno do alumno/a**, que pretendemos que sexa un “caderno de bitácora” no que se rexistren a práctica totalidade das actividades que cada un deles vai facendo: comentarios de texto, traballos con mapas, etc. Incluídas as actividades realizadas no ordenador, que se imprimirán e se anexarán á libreta. Quedan excluídos os traballos de investigación (que teñen unha presentación diferenciada), traballos de grupo e exposicións orais (aínda que a súa preparación tamén se incluírá no caderno).

Actividades de recuperación:

Para o alumnado que non estea a acadar os obxectivos mínimos, faranse actividades tendentes a paliar estas carencias sen perder de vista a atención individualizada que cada alumna ou alumno requira.

Faráse un exame de recuperación despois de cada avaliación para o alumnado que non obtivera unha cualificación positiva

Para o alumnado coa materia pendente do curso pasado entregaremos actividades de reforzo da materia que serán entregadas en dúas partes, e recollidas arredor de xaneiro e abril. O exame de recuperación de pendentes realizaáse en maio.

Procedementos e formas de avaliar:

O modelo de Avaliación basearase na utilización de diversos instrumentos e procedementos para recoller a información necesaria que garanta a mellor avaliación posible.

1.- Valorarásese:

- a) A capacidade do alumnado para interpretar feitos.
- b) A facilidade na búsqueda de información.
- c) A utilización dun vocabulario específico e axeitado.
- d) A resolución correcta de problemas e actividades a partires do material disposto ao efecto.
- e) O interese amosado polo alumnado ente os temas a tratar.
- f) A participación en tódalas tarefas organizadas tanto a nivel individual como en grupo.
- g) A actitude e actuación do alumno na aula e respecto á materia.

2.- Comprobarásese o rendemento do alumnado mediante a realización de probas específicas escritas e orais. Avaliarásese non só os contidos conceptuais senón tamén os procedementais e actitudinais

O número destas probas será de alomenos **tres por avaliación**.

3.- Analizarásese a cotío a produción do alumnado: cademos, traballos... o que permitirá un seguemento individualizado especialmente naqueles alumnos con dificultades.

Farase unha avaliación inicial exploratoria que nos proporcione o punto de partida para as posibles estratexias didácticas a utilizar. Esta avaliación deberá contrastarse coa Avaliación sumatíva para ter unha idea clara do desenvolvemento da aprendizaxe.

Realizaranse tres avaliacións ao longo do curso.

A cualificación final será o resultado de unir todos os instrumentos.

Realizarásese unha proba fina na que cada alumno recuperará, **se é o caso**, a/as avaiacións negativas.

CONTIDOS MÍNIMOS 3º ESO

- O espazo xeográfico: trazos naturais e trazos humanos que o forman.
- Os formas do relevo continental: montañas, mesetas, chairas e depresións.
- Os factores físicos e humanos das paisaxes agrarias.
- Os elementos da paisaxe agraria: a morfología (parcelas, límites e tipo de hábitat), o réxime de propiedade e os sistemas de cultivo (policultivo, monocultivo, explotación intensiva ou extensiva e grao de produtividade).
- A agricultura de subsistencia e a agricultura globalizada de mercado.
- A silvicultura e os principais tipos de gandería e pesca.
- As orixes da actividade industrial: talleres artesáns, manufacturas e primeiras grandes fábricas.
- Os elementos da industria: materias primas, enerxía, capital e man de obra.
- As principais fontes de enerxía: enerxías renovables e non renovables.
- Os tipos de industria: industrias pesadas e industrias lixeiras.
- Os factores de localización industrial.
- As grandes rexións industriais: Norteamérica, Europa occidental, Xapón, sueste asiático.
- O sector dos servizos: servizos públicos e privados.
- Os servizos sociais, administrativos e financeiros.
- O comercio interior: elementos que o caracterizan e tipos de comercio.
- O comercio exterior: evolución e tendencias. A Organización Mundial de Comercio.
- A evolución do transporte terrestre, naval e aéreo.
- A revolución tecnolóxica.
- A telemática e as autoestradas da información
- O turismo e as súas modalidades.
- As causas que favoreceron o desenvolvemento turístico.
- Os atractivos naturais e as actuacións humanas necesarias para desenvolver un espazo como turístico.
- Os fluxos turísticos e as principais áreas de destino.
- As consecuencias económicas e os impactos ambientais e culturais do turismo.
- Natalidade, fecundidade, mortalidade, crecemento vexetativo e crecemento real.

- A evolución da poboación mundial. A explosión demográfica.
- O modelo de transición demográfica.
- As migracións: causas, tipos e repercusións.
- As consecuencias do crecemento da poboación e as políticas demográficas
- Poboación absoluta e poboación relativa. Densidade de poboación e superpoblación.
- A desigual distribución da poboación mundial. Concentracións e baleiros demográficos. Factores.
- A estrutura da poboación segundo sexo e idades.
- A estrutura económica da poboación: poboación activa e inactiva. Ocupados e parados.
- Os sectores de actividade económica. A terciarización da sociedade.
- A pirámide de poboación.
- O medio ambiente e os impactos ambientais que provocan os seres humanos.
- As actividades que exercen maior presión ambiental: o crecemento da produción, os conflitos armados e o uso de materiais contaminantes e perigosos.
- As manifestacións da conciencia ambiental: os movementos ecoloxistas, os partidos verdes, a creación de ministerios de medio ambiente e as conferencias internacionais.
- O hábitat. Tipos de poblamiento no hábitat rural: disperso e concentrado.
- O concepto de cidade: criterios de identificación. Tipos de funcións urbanas.
- O crecemento urbano: o fenómeno da explosión urbana.
- O éxodo rural.
- A relación cidade-territorio: área metropolitana, conurbación e megalópolis. O fenómeno da rururbanización.
- Os problemas urbanos actuais. A xestión das cidades.
- A morfología urbana: diferentes tipos de plano. Tipos de vivenda.
- A estrutura urbana: diferentes sectores e os seus usos
- O sistema-mundo: características.
- A mundialización das actividades humanas: principais manifestacións.
- A economía global. Principais factores: a importancia das telecomunicacións.
- Principais organizacións económicas e políticas internacionais.
- As empresas multinacionais.

- As desigualdades entre os Estados.
- Os países do Norte ou desenvolvidos e os países do Sur ou subdesarrollados.
- As desigualdades económicas: diferenzas na produción e no consumo.
- As causas das desigualdades.
- O modelo centro-periferia.
- As características do subdesarrollo en Iberoamérica, Asia e África.
- O Índice de Desenvolvemento Humano.
- A Unión Europea: Tratados e ampliacións.
- O Tratado de Maastricht.
- As institucións da UE: o Consello da Unión Europea, a Comisión Europea, o Parlamento, etc.
- A diversidade europea: contrastes físicos e humanos.
- Os desequilibrios económicos rexionais.
- As principais políticas comunitarias.

Criterios de cualificación

A porcentaxe que deben ter contidos, procedementos e actitudes decidiuse que fosen os seguintes: contidos, 65 %; competencias básicas, 20%; e actitudes, 15%.

Compre salientar que no caso de manifesto abandono dalgunha das capacidades básicas, o alumno non podería ser avaliado positivamente, e dicir, é preciso cumprir os mínimos esixibles en cada unha das capacidades básicas para ser cualificado positivamente.

CONTIDOS MÍNIMOS 4º ESO

- Características sociais, políticas e económicas da europa do século xviii. O pensamento ilustrado.
- A revolución americana.
- O século xviii en españa: o reformismo borbónico.
- Causas e principais etapas da revolución francesa.
- O imperio napoleónico e a europa da restauración.
- As revolucións liberais e as unificacións de italia e alemaña.
- A revolución industrial en inglaterra. principais sectores.
- A 2ª fase da industrialización.
- A nova sociedade: burguesía e proletariado.
- O movemento obreiro: marxismo, anarquismo e internacionalismo.
- a crise do antigo réxime en españa: a guerra da independencia e a constitución de 1812.
- A construción do réxime liberal: reinado de isabel ii.
- a revolución de 1868 e o sexenio democrático.
- o sistema da restauración e a crise de fin de século.
- Poboación, principais actividades económicas e sociedade en españa e en galicia no século xix.
- Causas e consecuencias do imperialismo. Conquista, organización e explotación das colonias. O reparto do mundo.
- A primeira guerra mundial. Causas, etapas e organización da paz.
- As principais correntes artísticas do século xix: romanticismo, realismo, impresionismo e modernismo.
- A revolución rusa e a urss de stalin.
- o crac do 29 e o new deal.
- O fascismo italiano e o nazismo alemán.
- A crise da restauración en españa (1917-1931). A ditadura de primo de rivera.
- A II república. Etapas e principais reformas.
- A guerra civil. Características das dúas zonas enfrontadas e a intervención internacional.
- Causas e contendentes da segunda guerra mundial. O desenvolvemento do conflito. Consecuencias da guerra.

- A guerra fría. A formación de bloques antagónicos e a súa evolución.
- A descolonización: causas, etapas e consecuencias.
- Un mundo bipolar: EEUU e a súa área de influencia; a URSS e a súa área de influencia.
- España e Galicia durante o franquismo. Características do réxime, apoios, etapas e oposición.
- A instauración da democracia en España e en Galicia. Primeiras eleccións. Goberno de UCD. Aparición das autonomías. O golpe do 23-F. Gobernos do PSOE e do PP.
- A construción e as institucións da Unión Europea. Principais políticas comunitarias. A integración de España.
- O mundo actual. A nova orde internacional e os principais conflitos no mundo actual.
- A globalización e as desigualdades mundiais.
- A revolución tecnolóxica e os retos do mundo actual.
- As primeiras vangardas artísticas do século XX e as tendencias abstractas. A arte do século XX en España e Galicia.

Criterios de avaliación

1. Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.
2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.
3. Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.

6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.
9. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.
10. Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conecta-los a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.

Procedementos de avaliación

Os instrumentos de avaliación non se van limitar ás probas escritas, senón que se terán en conta a asistencia, o comportamento e a participación na clase, a realización das actividades e a observación do traballo diario.

Para avaliar o proceso de aprendizaxe do alumno servíronos de:

Probas escritas. Nas mesmas deberán estar presentes nunha proporción razoable os conceptos e procedementos que se correspondan coa unidade ou unidades didácticas das que se examine o alumnado.

Caderno de clase. Deberá reunir unhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade, ortografía e composición correctas. Valorarase a correcta execución das actividades, así como a súa correcta presentación.

Participación e actitude. Preténdese valorar a participación dos alumnos e das alumnas na marcha da clase, o que entroncaría co ensino activo e participativo que se defende na metodoloxía. Así terase en conta interese polas actividades, as preguntas que se fan, as respostas ás preguntas do profesor e dos compañeiros, a actitude de respecto cara ós demais e a participación e realización de traballos tanto individuais como de grupo.

A nota media das probas escritas será o 80% da nota da avaliación. O 20% restante da cualificación responderá ó traballo que o alumno/a realice na clase e/ou na casa. Para iso se levará a cabo un control periódico do alumno a través dos exercicios realizados na clase ou na casa e que deberá entregar resoltos no prazo de tempo que se determine.

Para aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación levarase a cabo unha proba de recuperación ó comezo do seguinte trimestre.

Para obter a cualificación positiva da materia a final de curso haberá que ter aprobadas cada unha das tres avaliacións. Se non é así a final de curso haberá unha proba de avaliación global.

AVALIACIÓN PCPI

Instrumentos de avaliación

Teranse en conta os seguintes aspectos:

- As faltas de asistencia non xustificadas.
- Traballo diario e a realización das tarefas.
- Probas orais e escritas.
- Traballos individuais e de grupo.
- Caderno de clase coas explicacións e actividades realizadas e corrixidas. Revisarase con periodicidade e valorarase, tamén, a presentación, a letra, a ortografía, etc.
- Confección de traballos e destreza no manexo das novas tecnoloxía (bases de datos, produción de textos, internet...)
- Observación das interaccións do alumnado na aula (actitudes, implicación e participación, colaboración, respecto polos demais, achegas ao traballo grupal...)

Criterios de cualificación:

A nota final do trimestre será obtida en función das seguintes porcentaxes:

Contidos actitudinais: 20%	Seguimento do traballo: 20%	Nota de probas: 60 %
-------------------------------	--------------------------------	-------------------------

Criterios de avaliación

Cos seguintes criterios preténdese comprobar se o alumnado é capaz de:

- Coñecer a estruturación do Estado español en comunidades autónomas. Valorar as diferenzas como elemento enriquecedor. Saber localizar as comunidades en mapas. Organizar itinerarios para se mover entre elas.
- Coñecer a distribución xeográfica de Galicia (organización e paisaxes galegas, e a súa economía), localizar en mapas a súa situación e argumentar as causas e as consecuencias das súas características.
- Coñecer e apreciar o o sistema democrático. Representación da cidadanía. Participación como valor para a mellora da vida en comunidade.
- Coñecer sumariamente a Constitución española. Significado dunha norma en

común. Dificultades para os consensos.

- Coñecer sumariamente o Estatuto de autonomía e o longo percorrido pola historia ata chegar a el.O Goberno autónomo e as relacións co resto do Estado español.
- Analizar as desigualdades no mundo actual. Reflexionar sobre a multicausalidade. Valorar a cooperación entre os pobos.
- Recoñecer o consumo responsable. Papel da publicidade. Valorar igualmente a capacidade de comprender os prexuízos que pode provocar na vida persoal e do contorno.
- Recoñecer a necesidade da seguridade viaria para as persoas condutoras e peóns.
- Elaborar pequenos traballos cos pasos precisos de planificación, execución e avaliación.
- Elaborar documentos con recursos informáticos empregando imaxes, gráficos e complementos precisos

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN 1º BAC

- Realizaranse dous exames por avaliación. As preguntas constarán de:
 1. Comentario de texto.
 2. Definicións de termos históricos.
 3. Elaboración de temas, nos que o alumno mostre a comprensión do feito histórico nas súas causas e consecuencias así como a súa capacidade de síntese e relación.
- Durante o curso os alumnos elaborarán un traballo monográfico sobre un tema actual, tendo en consideración os antecedentes históricos de dito tema, que deberán expoñer na clase. O traballo servirá como elemento de avaliación para axustar a nota final.
- A actitude, a participación nas clases e o traballo constante tamén serán elemento de avaliación, sempre que o alumno acade un catro como mínimo nas probas escritas.
- Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación que incluírá a materia dada en dito período.

Criterios de avaliación

- Recoñecer os fundamentos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime e establecer as súas diferencias cos modelos que aparecen nas revolucións norteamericana e francesa.
- Sintetizar as transformacións demográficas, sociais, políticas, económicas e culturais dende as primeiras revolucións burguesas ata a Primeira Guerra Mundial, insistindo nos procesos tecnolóxicos, na aparición dos nacionalismos e dos movementos obreiros así como na creación dos Imperios Coloniais.
- Situar cronoloxicamente e sobre mapas axeitados os feitos históricos do Mundo Contemporáneo.
- Analizar, a través de exemplos significativos, a orixe ideolóxica, social, política e económica dos sistemas parlamentarios, a súa evolución nos últimos séculos, identificando as causas da interrupción da democracia nalgún momento e as razóns da súa recuperación.
- Identificar as vinculacións existentes entre as dúas Guerras Mundiais e o sistema de relacións internacionais establecido antes e despois delas.
- Describir os compoñentes esenciais dos modelos totalitarios implantados no S XX, relacionando a súa aparición co contexto económico, social e político.
- Identificar, situándoos no tempo e no espazo, as causas da aparición,

desenrolo e fracaso dos modelos soviético e chino, distinguindo as súas etapas esenciais, as súas características e a repercusión do modelo noutras zonas do mundo.

- Analizar as actuais relacións entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos. Recoñecendo nos distintos modos de descolonización e neocolonialismo as causas básicas da división actual entre países pobres e ricos.
- Describir os principais acontecementos da Guerra Fría dentro e fora de Europa, relacionándoo coa presenza de USA e URSS como superpotencias e co desenrolo dos bloques.
- Analizar a actual configuración da UE como resultado dun longo proceso histórico, recoñecendo a súa posición dentro dun conxunto dos bloques económicos.
- Sintetizar os principais conflitos ideolóxicos, relixiosos, políticos, sociais e económicos da actualidade, valorando a aparición de novos movementos sociais no seno da sociedade de consumo.
- Analizar, dende os medios de comunicación social actuais, algún feito da historia presente, buscando explicacións globais e indagando antecedentes históricos e posibles consecuencias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XEOGRAFIA 2º BAC

O alumno terá que superar estos contidos mínimos coa madurez propia deste último curso de bacharelato. Terá que:

- Demostrar a capacidade de orientación e localización.
- Ser quen de definir correcta e coherentemente termos e conceptos da materia.
- Ser quen de construír e desenvolver un tema, utilizando o vocabulario xeográfico axeitado cunha boa redacción, sen faltas de ortografía, amosando capacidade de síntese e relación.
- Ser capaz de interpretar e comentar razoadamente un documento gráfico ou cartográfico de carácter xeográfico.

Procedementos de avaliación

Realizaranse tres avaliacións, nas dúas primeiras a materia dividirase en dúas probas e a terceira nunha soa.

A estrutura e a valoración das probas será semellante ás da selectividade. Constará de catro preguntas:

1. Definición breve e concisa de cinco conceptos ou termos xeográficos, relacionados cos bloques de coñecemento. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 2 puntos(0,4 por concepto)
2. Desenvolvemento dunha cuestión xeográfica, da forma máis completa posible, referida ós temas principais dos bloques de coñecemento. Valorarase a organización dos contidos, a capacidade de establecer relacións comparativas, cunha linguaxe xeográfica axeitada. Requerirase unha boa redacción sen faltas de ortografía. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 4 puntos.
3. Lectura, interpretación, explicación e análise dun documento gráfico ou cartográfico relacionado cos contidos procedementais. Requírese tanto a súa comprensión como a súa explicación e as causas e consecuencias posibles. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 4 puntos.

Como se pode observar, o maior peso da valoración ven da organización e desenvolvemento correcto dun tema, así como de analizar e comentar adecuadamente un documento, destrezas que reflexan un coñecemento significativo e o grado de madurez intelectual do alumno.

O alumno terá a posibilidade dunha recuperación por avaliación. Para superar a materia terá que ter as tres avaliacións aprobadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN Hª DA ARTE 2º BAC

1. Analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e das súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
2. Analizar e interpretar obras de arte empregando un método que teña en conta os elementos que as conforman (materiais, formas, técnicas, etc.) así como a súa relación co contexto histórico e cultural en que foron creadas, valorando a participación correcta.
3. Identificar en obras de arte representativas dunha época as características máis destacadas que permitan relacionalas cun determinado estilo artístico, valorando, se é o caso, a diversidade de correntes que poden coincidir nunha mesma época.
4. Caracterizar os principais estilos artísticos da tradición cultural europea e describir os seus trazos básicos, situalos nas coordenadas espacio-temporais e relacionalos co contexto en que se desenvolven.
5. Analizar e comparar distintas concepcións estéticas e trazos estilísticos para apreciar as permanencias e os cambios que teñen lugar ao longo da historia.
6. Recoñecer e analizar obras significativas de artistas relevantes, con atención a artistas de Galicia e do Estado español, distinguindo tanto os trazos diferenciadores do seu estilo como as súas particularidades.
7. Explicar a presenza da arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social empregando un vocabulario axeitado, defendendo as opinións de forma razoada e respectuosa.
8. Preparar e planificar a visita a monumentos artísticos, museos, e/ou exposicións de diferente índole, solicitando e elaborando a información necesaria cos medios ao seu alcance.
9. Expresar, oralmente ou por escrito, valoracións persoais, críticas e fundadas sobre as obras estudadas e sobre o seu estado de conservación.
10. Realizar e expor traballos sobre calquera aspecto da historia da arte que requiran a utilización das fontes de información ao seu alcance, así como a análise e utilización rigorosa da información obtida, empregando a terminoloxía específica das artes visuais

4. Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación

1. A observación: anotacións en fichas de rexistro persoal, centrándose nos seguintes aspectos:
 - Hábitos de traballo
 - Habilidades e destrezas
 - Actitudes de iniciativa e interese no traballo

- Avances na asimilación de contidos conceptuais
- Participación en actividades dentro e fora da aula.
- Expresión oral a través das intervencións na clase, na posta en común de traballos en equipo, coloquios, debates, etc.

2. Probas escritas:

- Desenvolvemento de temas con o seu apoio en textos e imaxes.
- Análise e comentario de imaxes, con preguntas de comprensión ou con resposta libre baseada nun esquema previo.
- Análise e comentario de textos, ...

3. Traballos de investigación

As probas escritas se achegarán, pouco a pouco, ao sistema de exame do Selectivo.

O sistema ou criterio de avaliación é o establecido polo Departamento, pero de xeito orientativo para a materia da Historia da Arte:

- As probas ou controis supoñen o 90% da nota
- O 10% restante sairá do traballo do alumno

A nota final será a media das tres notas de cada avaliación. O aprobado estará no 5 (Suficiente), en caso de non chegar a el o alumno terá unha recuperación da materia despois de cada avaliación.

e se terá en conta:

- A asistencia regular ás clases
- O comportamento

Especialmente no caso de que non se chegue ao aprobado por unhas décimas.

Os alumnos que en maio non teñan superada a materia, realizarán unha recuperación global, cunha estrutura similar a do selectivo, e que suporá o 100% da nota.

No caso de non superar a materia en maio, os alumnos suspensos realizarán en Setembro unha proba extraordinaria, que terá a mesma estrutura ca de maio.

AVALIACION HISTORIA 2º BAC

		Puntuación %
Comprensión	<ol style="list-style-type: none">1. Identificar e explicar o problema histórico que mostren os documentos.2. Evolución histórica do problema formulado; precisar correctamente o marco cronolóxico (antecedentes, causas, consecuencias, ...)3. Relacionar correctamente entre eles os documentos que se propoñan4. Capacidade do alumno ou alumna para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual	40
Interpretación e reelaboración persoal	<ol style="list-style-type: none">1. Relacionar os acontecementos históricos aos que se refiran os documentos co seu contexto histórico (social, político, económico etc. segundo corresponda2. Capacidade do alumno ou alumna para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual	30
Coñecemento específico	<ol style="list-style-type: none">1. Segundo a natureza do problema histórico formulado, identificar aos protagonistas, ideoloxías, cambio e continuidade...2. Capacidade do alumno ou alumna para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual	30